



Parlamento das Letras: Olga Novo

Publicado o [22/02/2012](https://armandorequeixo.wordpress.com/2012/02/22/parlamento-das-letras-olga-novo/)

<https://armandorequeixo.wordpress.com/2012/02/22/parlamento-das-letras-olga-novo/>

A voz de Olga Novo é un oráculo, un trilobite poético que garda a memoria herdada da manda. Dende a hora primeira percutiu coa ollada cega do canto tiresiano, descubriendo abisais de luz que se chamaron A teta sobre o sol, Nós nus, A cousa vermella e, hai nada, Cráter.

Loba das letras, anarca rebelde dunha nación adoradora de Eros, os seus versos chantan as raíces alén e van, freáticos, cavando simas e cavernas de imaxinería, nunha orxía surreal que nos defronta á revelación da palabra no limes do inefable.

A grande tradición, esa liña áurea que nace en Rosalía e ten porfilladas todas e cada unha das grandes voces que no noso pasado foron, arrola en Olga Novo como unha das súas sibilas máis queridas.

As palabras que seguen son, que dúbida cabe, testemuña desa harmónica fluencia biopoética.

—¿Cando, onde e da man de quen publicaches os teus primeiros textos?

Comecei a publicar poesía aos dezoito anos, alentada pola lectura que deses meus primeiros textos fixo o profesor Claudio Rodríguez Fer. Viron a luz en revistas como *Ólissos*, publicación dos estudantes de Filoloxía da USC da que conservo un fermoso recordo, e de cuxo consello de redacción eu mesma formei parte despois. *Dorna*, tamén xestada na Facultade de Filoloxía da USC, e *Clave Orión*, dirixida por Luz Pozo Garza, publicarían algúns deses primeiros textos. O primeiro libro, *A teta sobre o sol*, vería a luz coas Edicións do Dragón, dirixida polo tamén poeta Francisco Souto, nun formato artesanal que apostaba por dar voz a novos creadores e creadoras.

No ámbito da análise literaria, o primeiro estudo que publiquei foi sobre as liñas temáticas na obra da poeta Xohana Torres, que apareceu en *Unión Libre. Cadernos de vida e culturas*, dirixidos por Carmen Blanco e Claudio Rodríguez Fer. A partir de aí, sucederíanse outros en *Grial*, *Boletín Galego de Literatura*, *Anuario de Estudos Galegos* etc.

—¿Cal das túas obras cres que foi mellor tratada e cal pasou máis desapercibida para o público e/ou a crítica? ¿Por que cres que recibiron ese trato desigual?

Probablemente a mellor tratada pola crítica foi *Nós nus* (1997), ao concedérselle o Premio de Creación Losada Diéguez. E no terreo do estudo literario, *Uxío Novoneyra. Lingua Loaira*, premio Ánxel Fole 2008.

Penso que *Nós nus* constituía unha novidade polo seu enfoque poético, ao amosar a voz dunha muller, cinguindo un forte contido erótico a unha enraizada paixón telúrica, aspectos pouco tratados na poesía galega.

A obra que pasou máis desapercibida foi o poemario *Monocromos*, por se tratar dun libro publicado en Madrid e que tivo pouca difusión en Galicia.

—¿Tes algún hábito singular ou manía á hora de escribir?

Ningún. Escribo como vivo, con entusiasmo natural e naturalidade entusiasmada. Non necesito nada especial para escribir, soamente o pulo vital que me leva a facelo. Ademais, eu creo que as poses literarias contradín a propia poesía.

—Nunha antoloxía da nosa literatura recente, ¿ao pé de que autores/as preferirías figurar?

Non teño especial querenza polas antoloxías, polas clasificacións ou polas xerarquizacións nin na vida nin na literatura. Pero se tivera que camiñar a carón de alguén, faríao daqueles cos que vivo en sintonía de pensamento e poesía, máis aló do tempo e máis aló do espazo.

—Se tiveses que historiografar a túa propia traxectoria literaria, ¿que trazos salientarías?

Non sei se teño Traxectoria. Eu diría máis ben que teño Amatoria estourada en diversas obras que se intercomunican con Paixón. Intensidade. Soño. Apertura. Utopías. Busca cognoscitiva. Cosmogonía amorosa. Música das pedras. Cráter. Feliz Idade. Nudez. Antiplatonismo. Raíz. Liberdade. Praceres. Pulo. Leducia. Ferida fechada. Fósil. Paxaro nas alturas. Toupa lúcida nas Profundidades. Humildade. Escrita en soedade. Independencia.

—¿Que lecturas te acompañan decote ou a que escritores/as regresas con frecuencia?

Releo: Impregnada pola obra total de Claudio Rodríguez Fer. Marabillada polo fragmentarismo involuntariamente vangardista de Safo. Entusiasmada polo soño surreal de André Breton, de Eugenio Granell e de Joyce Mansour. Apasionada polo clamor de Léo Ferré. Emocionada pola verdade vital de Luz Pozo Garza. Integramente toda no telurismo de Uxío Novoneyra. Amando en Neruda. Coñecendo co poeta bretón Kouliz Kedez. Feliz mente nas palabras de Carmen Blanco. Quedando en branco na lucidez de Gamoneda, entre os anxos de Rilke, no furor de Rimbaud, na radical soedade das radicais Emily Dickinson e Rosalía de Castro...

—¿Que cres que lle falta aínda ás nosas letras e que lle sobra definitivamente?

Eu penso que cada quen debe ser libre de buscar a súa propia verdade literaria, alleo/a a modas e a correntes máis ou menos efémeras. Eu creo na independencia radical e, polo tanto, tamén na máis total e profunda independencia creadora. Creo precisamente que falta esta independencia e esta radicalidade. Penso que nas letras galegas, coma na literatura universal, falta Poesía e sobra Literatura, no sentido que a estas palabras lle deu Verlaine.

—Se soubeses que o teu tempo se esgota, ¿que non te perdoarías non deixar escrito?

As declaracións de Amor que inda me quedan por escribir. As palabras para facer feliz idade.

—¿Cal é a túa valoración do noso presente literario?

Valoración supón clasificación. Clasificación supón xerarquía. Xerarquía supón orde. E orde supón poder. Que o futuro fale de nós se debe falar, eu prefiro vivir o presente con amor, ler con xenerosa pluralidade e crear con liberdade.

—Se desexas facer algunha outra consideración, túa é a palabra.

Na miña poesía, coma na miña vida, gustaríame que rexese esta máxima pompeiana escrita sobre un dintel, acompañando unha imaxe fálica: HIC HABITAT FELICITAS –Aquí habita a felicidade-, quizais a máis fonda revolución individual e, polo tanto, literaria e que, como quería Pascal, por fin lle quitemos a venda dos ollos a Eros e amor poida contemplar as beleza múltiples coa soa lucidez que importa.